



O GOBERNO DE NIGRÁN DEBATERÁ O RECOÑECIMENTO DO MUNICIPIO COMO “CIDADE AMIGA DA INFANCIA” NO PLENO DE FEBREIRO

A proposta, ditaminada favorablemente co apoio de todos os grupos na comisión previa, pretende aprobarse este xoves para poder iniciar os trámites de solicitude a UNICEF

Con esta acreditación, consolidarase o compromiso á mellora e innovación das políticas da infancia e adolescencia na localidade

Nigrán, 29/02/16.- O Goberno de Nigrán levará ao pleno de febreiro, que se celebra este xoves 3 de marzo, o recoñecemento do municipio como “Cidade Amiga da Infancia” (CAI), unha proposta ditaminada favorablemente co apoio de todos os grupos na comisión previa, polo que se prevé a súa aprobación no pleno para poder iniciar os trámites da súa solicitude.

Este distintivo, outorgado con carácter bienal polo Fondo das Nacións Unidas para a Infancia (Unicef) e cunha vixencia de catro anos, ten como obxectivo promover o desenvolvemento, mellora e innovación continua nas políticas de infancia e adolescencia no ámbito local.

“Este recoñecemento favorecerá os intereses da poboación en xeral e da infancia en particular; a nosa intención é que os rapaces formen parte da vida municipal con carácter activo. Ademais, coa súa obtención, contribuiremos á difusión e aplicación da Convención sobre os Dereitos do Neno na localidade”, declara o alcalde da Nigrán, Juan González.

O selo CAI, do que dispoñen 115 municipios nacionais e no que o concello sería pioneiro a nivel galego, pretende incentivar a creación de plans locais de infancia e adolescencia e a participación cidadá e a coordinación institucional para a mellora continua e o desenvolvemento destas políticas.



Primeiros pasos

O goberno municipal xa iniciou os primeiros pasos para acadar este recoñecemento o pasado mes de decembro cun pleno infantil que contou coa participación de todos os colexios públicos da localidade e o Centro de Educación Especial Juan María. Coa aprobación deste programa no pleno deste xoves, avánzase un chanzo máis cara o cumprimento de todos os requisitos que esixe o selo, cuxa resolución se coñecerá en outubro deste ano.